

Escolma de recursos estilísticos

Figuras de dicción de carácter fonolóxico

- **Aliteración** : repetición de fonemas ou sílabas en palabras próximas: - *Lagoas laiando na lama das leiras* (Informe da gavilla, Vitor Vaqueiro). Se esa repetición suxire de acordo co contido do texto, temos **Fonosimbolismo**. - *Os ollos, o lombo do lobo* (Uxío Novoneyra)
- **Paronomasia** : colocación próxima de palabras con significantes parecidos, pero significados diferentes: - *No sagrado segredo de Vigo* (Luz Pozo Garza)
- **Onomatopea** : Imitación de sons naturais- *Fiu, Fiu* (asubío).

Figuras de dicción de carácter morfosintáctico

- **Anáfora** : repetición dunha ou máis palabras ao comezo de varios enunciados: - *Era Galicia un puro val...* / *Era Galicia a chaira máis espida...* / *Era Galicia a patria do traballo...* (Méndez Ferrín)
- **Epífora** : repetición dunha ou máis palabras ao final de varios enunciados: - *Camións de mortos,* / *hortos de mortos,* / *feixes de mortos,* / *medas de mortos.* (Arcadio López Casanova)
- **Reduplicación** ou **anadiplose** : repetición de palabra(s) do final dun verso ao comezo do seguinte: - *Que non se debe ter por trobador / trobador que troba por trobar.* (Uxío Novoneyra)
- **Xeminación** ou **epanalepse** : Repetición de unha ou varias palabras en contacto. - *Calar, calar, calar* (Iglesia Alvareño)
- **Derivación** : Repetición dun mesmo lexema con diversos morfemas: - *O que queremos quérenos / aínda que non queira querernos*
- **Polisíndeto** : Repetición de conxuncións para unir varios elementos: - *E pinchaba, e brincaba, e corría, e bailaba.* • **Asíndeto** : Supresión de conxuncións.
- **Paralelismo** : Repetición de construcións similares- *Ti destérrasme por un; / Eu destérrome por catro*
- **Enumeración** : acumulación de palabras sucesivas.- *Obras de Lenín, Bujarín, Chicherín...* (Risco)
- **Hipérbato** : Alteración da orde normal da oración- *Dos guerreiros de Suevia posto ao fronte* (Cabanillas)

Figuras de pensamento

- **Hipérbole** : esaxeración desmesurada e inverosímil.
- **Antítese** : contraposición entre dúas palabras: - *Invoca a luz desde esta dura tebra.*
- **Paradoxo** : unión de ideas aparentemente opostas: - *e fillos que non tén pais* (Rosalía)
- **Personificación** ou **prosopopea** : atribución de características humanas a seres inanimados.
- **Ironía** : expresión do contrario do que se quere dar a entender.- *Que boa sorte teño!*

Tropos

- **Símil** : comparación entre dous termos expresos: - *Unha canción tan lonxana... / como a sombra do aire sobre a herba.* (Luís Pimentel)
- **Metáfora** : identificación de elementos expresos (metáfora impura ou imaxe) ou substitución dun elemento por outro (metáfora pura): - *Dime onde vas, miña cervá querida.* (Álvaro Cunqueiro)
- **Metonimia** : substitución dun elemento por outro co que garda unha relación de contigüidade: - *Non traías viños tristes de Hungría. Quero Burdeos.* - *Comprou dous Laxeiros.*